***SOMBRAS NO PARAÍSO***
**[Aki Kaurismäki, 1986, Finlandia, 70', VOSE]**

Título orixinal ***Varjoja Paratiisissa***
Dirección e guión **Aki Kaurismäki**
Fotografía **Timo Salminen**
Son **Jouko Lumme**
Montaxe **Raija Talvio**
Interveñen **Matti Pellonpää, Kati Outinen, Sakari Kuosmanen, Esko Nikkari, Kylli Köngäs, Pekka Laiho, Jukka-Pekka Palo, Svante Korkiakoski, Mari Rantasila**
Produción **Villealfa Filmproductions**
Distribución **Golem**

VINDEIRAS SESIÓNS **MAIO 2021**

**AKI KAURISMÄKI** *TRILOXÍA DO PROLETARIADO*

**MARTES 18 ás 20:30 h**
*ARIEL* (1988, 70', VOSE)

**MARTES 25 ás 20:30 h**
*A RAPAZA DA FÁBRICA DE MISTOS* (1990, 69', VOSE)

**WONG KAR-WAI** *SESIÓNS DE FILMOTECA*

**LUNS 24 ás 20:30 h**
*DESEXANDO AMAR* (2000, 95', VOSE)

www.facebook.com/cineclubepontevedra · cineclubepontevedra.blogspot.com
twitter.com/CineclubePo · instagram.com/cineclubepontevedra

Organiza:

CINECLUBE PONTEVEDRA

Coa colaboración de:

CONCELLO DE PONTEVEDRA · FEDERACIÓN DE CINECLUBES DE GALICIA · AGADIC Axencia Galega das Industrias Culturais · Xacobeo 2021 · XUNTA DE GALICIA

FS#143
11.5.2021

# SOMBRAS NO PARAÍSO

AKI KAURISMÄKI

CINECLUBE PONTEVEDRA

## SOMBRAS NO PARAÍSO **AKI KAURISMÄKI**

A ruptura que este filme supón no panorama cinematográfico finlandés resumíaa Kaurismäki con estas verbas: «Neste intre en Finlandia era totalmente impensable facer un filme sobre un basureiro e unha caixeira de supermercado desarmados». Kaurismäki insistiría sobre o radical da súa aposta: «Era unha das poucas cousas orixinais a mediados dos oitenta, porque todo o mundo estaba reinventando Hollywood. De certo xeito, ségueno a intentar. E ninguén, e digo ninguén, tivo a idea dunha historia de amor entre unha caixeira de supermercado e un condutor do camión do lixo». Definitivo descenso ás «terras baixas» —«difícil facelo máis banal, en aparencia»—, sería, de acordo co propio realizador, un «éxito internacional» se se lle mide en termos de proxección dos filmes finlandeses naquel intre: «Paradoxicamente, co seu tema trivial, *Sombras...* foi o primeiro filme finlandés do que se pode dicir que tivo certo éxito internacional».

Fai a súa aparición neste filme a que se ía converter nunha habitual, Kati Outinen. Primeiro filme tamén da súa primeira triloxía, a chamada «proletaria» ou «triloxía da clase traballadora». O filme leva o título da que fóra a última novela de Erich Maria Remarque, por quen Kaurismäki confesaba sentir admiración: «O título é roubado, mais non de Jarmusch, é de Erich Maria Remarque». A trama do filme de Kaurismäki non ten nada que ver coa da novela de Remarque, que trata dunha supervivente dos campos de concentración nazis exiliada no «paraíso neoiorquino», atenazada polas «pantasmas do pasado» (aínda que quizais sexa este o punto de confluencia. De fantasmagorías textuais sabe moito Kaurismäki).

Nesta ocasión tócalle o turno á «deconstrución da comedia romántica» co mencionado *love affaire* entre un basureiro e unha caixeira de supermercado. As personaxes resultan moito máis «cálidas», máis humanas ca nos anteriores exercicios fílmicos de Kaurismäki, menos «efixie».

O ton do filme sería declaradamente patético, con escenas que activaría até o lacrimal máis curtido, se non fose porque nin a música colabora nin os personaxes choran nin reciben a agridoce brebaxe da compaixón. O que serían situacións perfectamente melodramatizables (*Sombras...* xoga moito máis con situacións deste tipo cós dous filmes anteriores), coma a escena en que Nikkander volve só á casa, tras un desafortunado primeiro encontro con Ilona, onde lle agarda a mesa posta para dous (coidadosamente preparada con todos os manxares que a súa máis ca modesta existencia lle permite, despregando todo un repertorio de humildes luxos), non acadan estado melodramático, en parte porque a música quebra e atempera notablemente o potencial lacrimóxeno das situacións, en parte porque os personaxes non se autocompadecen, nin verten lágrima ningunha, en parte porque o humor contrarresta os efectos melodramáticos.

No fondo, os seus personaxes son «tipos duros», feitos da madeira resistente de vaqueiros, gánsteres, detectives privados de serie B, e de honestidade e tenrura. É este un filme triste, mais a súa tristura é de secano, xa que aínda que Kaurismäki introduce, mesmo sobredosifica, situacións cargadas de dramatismo, faino sen o aparato emocional e xestual característico, sen a orquestración característica, sen a música característica. O desfile, obxectivado por unha cámara pertinaz entregada á observación inmóbil, de personaxes-ourizo ou cando menos pouco dados a exteriorizar as súas emocións e os seus pensamentos, obriga ao espectador a observar, sen máis. Non atopará ocasión para a empatía, para o «convite ao choro».

O citacional, igual có humor, contribúe tamén a arrefriar as imaxes, a impedir que o espectador se compadeza dos personaxes. Mais o que definitivamente racha cunha potencial identificación, ademais da lograda *desglamourización* dos protagonistas, é o absolutamente pouco desexable do lugar social que ocupan, ao que se lle une o feito de que ningunha recompensa de orde espiritual, intelectual ou artística «xustificará» esas privacións. Un «así son as cousas» e o firme principio de manterse erguidos fronte á adversidade, sen renunciar á liberdade nin someterse, son os únicos elementos «desexables», estritamente escindidos da gratificación material ou o éxito, ou a recompensa, en calquera das súas formas.

Xa dende o arranque, o celuloide está impregnado de azul. Azul contaxioso, metasigno, suprapresenza planeando sobre a diéxese e colonizando sutilmente o sentido. Iníciase con *Sombras no paraíso* o «período azul» de Kaurismäki. A cazadora de Nikander é azul, o seu mono de traballo e o seu coche son azuis. Azuis son os cubos do lixo e o mar da fotografía dun almanaque de neumáticos Goodyear cuxo logo tamén é azul para a ocasión. E así sen descanso. A cor puntúa tamén a imaxe harmonizándoa, creando unha sensación de totalidade, de peche. Os diálogos minguan. O plano/contraplano déixalles paso aos dialogantes compartindo cadro e á economía da montaxe. A cámara faise máis lenta.

Nikander non escatima chiscadelas á bagaxe xestual do cinema mudo, ao entrañable Nanook amordicando un disco de gramófono ou a un gag propio de Keaton ou Chaplin, na escena en que se achega un vinilo rescatado do lixo á orella e o axita, e a música comeza a soar. Non faltan tampouco numerosos convites ao *déjà vu*: o can negro que atravesa o descampado de Helsinki tráenos á cabeza a escena de *Stalker* de Tarkovski. Neste caso, o can abandonado da *extravaganza* espacial de Tarkovski é interpretado por un dos cans de Kaurismäki, que actúa para «gañar o pan», segundo declara o seu amo.

Extractos de CARRERA, PILAR (2012). *Aki Kaurismäki*. Madrid: Ediciones Cátedra.
Tradución ao galego: Cineclube pontevedra.